


# DÍA DA CIENCIA EN GALEGO NO 12

# BENVIDOS E BENVIDAS AO IES 12 DE OUTUBRO DE OURENSE










- ✓ Situado no barrio "**A Ponte**" ocupa o solar da antiga estación ferroviaria
- ✓ Ata o ano 1992 estivo dedicado ás ensinanzas de formación profesional
- ✓ Nese ano incorpóranse os estudos de ESO e Bacharelato
- ✓ Na ACTUALIDADE temos uns 500 alumnos e alumnas da ESO, dos Bacharelatos Científico-Tecnolóxico, Humanidades e Ciencias Sociais; Ciclos Medios e Superiores das Ramas de Fabricación Mecánica, Electricidade e Imaxe Persoal e ademais FP Básica de Peiteado e Estética

# POR QUE QUEREMOS CELEBRAR O DÍA DA CIENCIA EN GALEGO?

- ✓ Porque temos dereito ao ensino en galego
- ✓ Porque é a nosa lingua e forma parte do noso patrimonio cultural
- ✓ Porque tamén podemos facer ciencia en galego
- ✓ Porque se cumpren 100 anos da fundación da Revista Nós

E…entre os seus propósitos estaba o cultivo do ensaio científico como elemento dignificador do galego



# QUEREDES FACER CON NÓS UNHA VIAXE POLO TEMPO?











2011


DIA DA CIENCIA EN GALEGO
O DEREITO
A GOZAR DA CIENCIA
EN GALEGO




A QUEIMADA
o lume
O MAGOSTO
o lume
tradicións e festas populares
as pedras déronme a vida
o aire aumentouma
e a auga sacouma
o lume
o lume
OS DESTRAGOS DO LUME
o lume
A LITERATURA DE AUTOR
O LUME E A CULTURA POPULAR


María Wonenburger
muller e matemática
RÚA / CALLE
MARÍA J.
WONENBURGER




PONTE DE Leonardo Da Vinci
Alumnos de 4 ESO - 1 BAC IES 12 De Octubre

# 2012


ISAAC DÍAZ PARDO:
INTELECTUAL GALEGUISTA, PINTOR, CERAMISTA, DESEÑADOR, EDITOR E CREADOR DE SARGADELOS


RICHARD BUCKMINSTER FULLER:
ARQUITECTO, INVENTOR DA CÚPULA XEODÉSICA, INFLUÍU NA ESTÉTICA MECANICISTA DO SÉCULO XX
R. BUCKMINSTER FULLER
USA 37


CIENCIA EN GALEGO NO 12





2013


XEOMETRÍA E ARTE


XEOMETRÍA E BIOLOXÍA
O
H
H
Triángulos


CALEIDOCICLO


XEOMETRÍA E LATÍN
CAVE
CANEM


AXUSTE VARIADO
AXUSTE VARIADO
AXUSTE VARIADO
XEOMETRÍA E METAL








2014


DEPARTAMENTO
DE
CIENCIAS SOCIAIS
SPENCER TUNICK NO
12 DE OUTUBRO





# 2015







**PINTURA E LUZ**

En pintura, a luz é un obxecto especial, cuxa aparición no cadro é precisamente a que permite a visión do contorno, a textura e a cor dos obxectos e a súa localización no espazo, con distintas convencións en cada un dos estilos pictóricos e as técnicas pictóricas asociadas (sombreado, sfumato, chiaroscuro, tenebrismo, luminismo, impresionismo). A utilización de distintos tipos de focos de luz (internos, externos, cenitais, inferiores laterais, anteriores, posteriores -contraluz-, ubicuos, luz reflectida, luz natural, luz artificial, luz filtrada, etc.) permite falar de distintos tipos de iluminación, e mesmo da especulación sobre a vibración desa luz. A luz é ciencia, arte, pero tamén maxia para os sentidos.









# 2016


VII Dia da Ciencia en Galego
restaurante "Legumina"
escolle o teu legume favorito
Faba Pinta
Faba Ril
Faba Negra
Soia


Mercado de Legumes


AS VIAXES DE DARWIN NO BEAGLE
SAÍDA
CHEGADA
FALMOUTH
PLYMOUTH
AZORES
CANARIAS
CABO VERDE
LIMA
ISLAS GALÁPAGOS
ASCENSIÓN
BAHÍA
SANTA ELENA
RÍO
VAPARAISO
MONTEVIDEO
CHILOÉ
ISLAS MALVINAS
EL CABO
ISLAS MAURICIO
ISLAS COCO
ALBANY
SIDNEY
AUCKLAND
HOBART
TAHITÍ

2017


GALICIA
SOSTIBLE
Ruta Ourense termal
Illas Cíes
Parque Natural


Saint Jean Pied de Port
Catedral de Pamplona
Colexiata de Roncesvalles




Santiago de Compostela
ALBERGUE
Monte do Gozo
Monte do Gozo a 5 Km. de Santiago
Queixos da denominación


PRINCIPIO DE FLOTABILIDADE
"Todo corpo mergullado nun líquido experimenta un empuxe vertical cara arriba igual ao peso do líquido desaloxado"
siracusa
π
π=3,14

2018


Siracusa é a patria do famoso
matemático e físico ARQUIMEDES.
Sicilia. Colonia Grega S. III


mento con texto sobrescrito encima dunha obra
anterior borrada. As obras
máis fermosas que se podían
atopar no palimpsesto foron
identificadas como copias do
S.X de Tratados de Arquímedes
anteriormente descoñecidos.


Bibliotecas escolares de Galicia
IX DIA DA CIENCIA EN GALEGO
OSTOMACHION DE ARQUIMIDES
BIBLIOTECA IES 12 DE OUTUBRO
Polaroid ORIGINALS


MATEMÁTICAS: a cuadratura da parábola. A área cercada por unha parábola e unha liña recta é 4/3 multiplicado pola área dun triángulo de igual base e altura.


FLÚOR
F
METAL
ALUMINIO


LITIO
L


Universo
de


2019
ANO INTERNACIONAL
DE:
TÁBOA PERIÓDICA
LINGUAS INDÍXENAS
"X DÍA DA CIENCIA EN GALEGO"


HELIO
He

# 2019

# X día da Ciencia en Galego



# E XA IMOS POLA XI EDICIÓN DO DÍA DA CIENCIA EN GALEGO



# Este é un ano terrible !

XANEIRO | FEBREIRO | MARZO | ABRIL




MAIO | XUÑO | XULLO | AGOSTO

SETEMBRO | OUTUBRO | NOVEMBRO | DECEMBRO



- ✓ Retiraron todas as exposicións no instituto
- ✓ Non podemos traballar xuntos porque hai que manter a distancia de seguridade
- ✓ Tampouco podemos xuntarnos os non conviventes

# QUE PODEMOS FACER ENTÓN?



Punto de partida:

- **As Nacións Unidas declaran 2020 como o Ano Internacional da Sanidade Vexetal**
- **A Asemblea Mundial da Saúde designa 2020 como o Ano Internacional da Enfermeira e a Parteira**

# A VIDA QUE RESPIRA E PALPITA NO 12









## PRIMEIRAS IDEAS:

- E se rendemos ás nosas árbores unha homenaxe pero que sexa… unha ben FERMOSA e SENTIDA!

- Por que non facelo entón en forma de poesía. A nosa lingua é fermosa e rica para levar a cabo esta idea…

- Cada un e cada unha de nós temos que buscar a nosa árbore favorita

- Logo buscamos un poema para ela e nada… imos recitarllo, de seguro ha crecer máis rápido

- No nos esquecemos de GRAVAR PARA QUE QUEDE CONSTANCIA DO MOMENTO

# Dito e feito...





# E ASÍ... SAÍU ESTE VÍDEO HOMENAXE ÁS NOSAS ÁRBORES

A vida que respira no 12



# SEGUNDAS IDEAS:

- ✓ E que podemos facer agora pare render unha homenaxe ás enfermeiras e parteiras
- ✓ Parteiras? Parteiras? Soa a **VIDA**
- ✓ E enfermeiras? A que soa? A coidar da **VIDA** e máis nos tempos que corren
- ✓ Que poderiamos facer entón? Pois… quizais non poderemos entrevistar a estas profesionais, pero…
- ✓ E se entrevistamos ás nosas nais acerca do día que nacemos? De seguro que nos imos sorprender de como aconteceu… do que sentiron, do que viviron, de se as parteiras e enfermeiras as axudaron o día que nos deron a vida…
- ✓ Entón…entrevistamos as nosas nais e gravamos, así LEMBRAREMOS O MOMENTO





# Mans á obra...



# E ASÍ... SAÍU ESTE VÍDEO HOMENAXE ÁS NAIS DO 12

A vida que
palpita no
12



# E ACERCA DOS PERSOEIROS, QUE?




Este ano o Día da Ciencia en Galego está dedicado a:

- ✓ ROBERT KOCH
- ✓ ERNESTO VIÉITEZ

## QUE SE NOS OCORRE PARA DAR A COÑECER O SEU TRABALLO?

# E … preparamos un xornal para coñecelos mellor



Coas distintas seccións intentamos facer un percorrido pola súa traxectoria profesional



# A 12 Grados baixo Ciencia

DIARIO-XORNAL DO IES 12 DE OUTUBRO

EDICIÓN DE OURENSE 0,00 EUROS | DEPÓSITO LEGAL ABC-000-000 | Hoxe Ourense 13º/5º | Mañá 17º/11º | Pasado 20º/11º | NÚMERO 1 ANO MMXX | NOVEMBRO DE 2020

## 2020, Ano Internacional da Saúde e XI Día da Ciencia en Galego

Este ano conmemoramos a Robert Koch e Ernesto Viéitez Cortizo polas súas obras á ciencia.

Sección Internacional sobre Robert Koch e Ernesto Viéitez

Artigo de sociedade

Publicidade

Sección Galicia e Sección Local (Ourense)

Sección cultura

Pasatempos e artigos de opinión

Debuxos e viñeta

A ciencia está composta por moitos pensamentos feitos realidade.

Un ano importante, non só pola covid-19.

2020 AÑO INTERNACIONAL DEL PERSONAL DE ENFERMERÍA Y DE PARTERÍA

PROTEGER LAS PLANTAS, PROTEGER LA VIDA



SECCIÓN DE CULTURA

Seica imos pasar máis tempo na casa do habitual. A pandemia da Covid-19 está a mudar as nosas costumes de entretemento. Pero iso non quere decir que vaia a acabar con elas. Buscas qué facer nese tempo de ocio na casa? Velaí varias propostas:

**LIBROS:** aquí tes unha selección de novelas coa temática das pendemias e virus como eixo principal.

Publicada no 1981 saltou a fama polas **coincidencias coa Covid-19.** Un virus chamado Wuhan-400, creado nun laboratorio das aforas da China no ano 2020 ten unha mortalidade do 100%.

Publicada no ano 2003 conta a aventura dun grupo de médicos e biólogos que tratan de **evitar a propagación dunha epidemia** mortal causada por un virus.

Unha inesperada ola de **suicidios** de anciáns en Barcelona, a aparición dunha planta de **cheiro** pegañento, a **caída da internet** e o cambio do carácter da xente foman esta historia.

Unha misteriosa praga chamada **cegueira branca** propágase de forma fulminante.

**PELÍCULAS:** aquí tes unha selección de novelas coa temática das pendemias e virus como eixo principal.

(2011) Mostra un escenario moi similar ao que **vivimos hoxe co coronavirus.** A enfermidade transmítese por **contacto**, surxe na **China** e os **morcegos** poden ser os causantes.

(2007) O protagonista é **o último home vivo sobre a Terra**, pero non está só. Hai vampiros que ansían o seu sangue.

(2000) Londres é un cemiterio. As rúas están desertas. As tendas, vacías. Hai un silencio total. **En 28 días a epidemia esténdese** por todo o país e so queda uns poucos supervivientes.

(1995) A historia comeza en África onde o exército dos EEUU arrasa un campamento **foco dun virus mortal** semellante ao ébola.



Busca na seguiente sopa de letras os temas principais de este XI Día da Ciencia en Galego que son os seguintes: Enfermeiras, Matronas, Robert koch, Ernesto Viéitez









XOVES DE CIENCIA! 17.00h

Sección Local 2020

X día da Ciencia en Galego



# AS ENFERMEIRAS

-As enfermeiras axudan aos doctores/as nos diagnósticos e aos pacientes.

- Elas adminístranlle medicamentos aos enfermos.

- Son elas as que pasan máis tempo nos hospitais.

- Precisan preparación física e mental para realizar os seus traballos.

-Neste gráfico podemos observar os traballos que teñen que realizar ao día.

**MOITÍSIMAS GRAZAS AS ENFERMEIRAS, XA QUE SIN ELAS A SANIDADE NO SERÍA O QUE É HOXE!**







O sábado pasado presenciamos o encontro entre o Real Virus contra o FC Humano. No papel o Real Virus comezaba como favorito pero atopouse cunha gran defensa do FC Humano, grazas a gran actuación do cancerveiro Máscara e os centrais Glóbulo Branco e Xel Ramos o FC Humano conseguía un 0-0, resultado o cal favorecía ao FC Humano. Os problemas chegaron na segunda parte cando a ultima incorporación do Real Virus, Cristiano Covid anotou un gol e deu unha asistencia para darlle a vitoria ao seu equipo e proclamarse primeiro na loita pola bota de ouro, quedando de segundo Leo Antibiótico. Despois da derrota o FC Humano está pensando en cambiar de adestrador, soa para o posto o médico Koch, un dos máis grandes adestrador do deporte consolidado no Deportivo de Tuberculose no que gañou todo.



Aliñación do partido: Coa equipación azul o Real Virus e de vermello o FC Humano.

Xian Rodríguez

# E O XORNAL FÍXOSE REALIDADE?


A 12 Grados baixo Ciencia

DIARIO-XORNAL DO IES 12 DE OUTUBRO

2020, Ano Internacional da Saúde e XI Día da Ciencia en Galego

Este ano conmemoramos a Robert Koch e Ernesto Viéitez Cortizo polas súas obras á ciencia.



[https://www.flipsnack.com/Beatriz2603109/12-grados-baixo-ciencia-hnib9imzhm.html](https://www.flipsnack.com/Beatriz2603109/12-grados-baixo-ciencia-hnib9imzhm.html)

# E XA SÓ NOS QUEDA O AGASALLO PARA O FIN DE FESTA. QUE SERÁ ESTE ANO?

Vai ser dobre porque ben o merecen os tempos que corren...












# TEMOS UNS SOPORTALAPIS ARTESANAIS










# O NOSO ALUMNADO EN PLENA FAENA ...









# ADEREZADO CUNHA NARRACCIÓN DUN CONTO DE ANDERSEN







HISTORIA DUNHA NAI:
Interpretado polo alumnado de
Literatura Universal

# E … porque a nosa lingua o merece



A fala. Manuel María

O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco máis feble,
o pesar máis profundo.

O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.

O idioma é o tempo,
é a voz dos avós
e ese breve ronsel
que deixaremos nós.

O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.

O idioma é a patria,
a esencia máis nosa,
a creación común
meirande e poderosa.

O idioma é a forza
que nos xungue e sostén.
¡Se perdemos a fala
non seremos ninguén!

O idioma é o amor,
o latexo, a verdade,
a fonte da que agroma
a máis forte irmandade.

Renunciar ao idioma
é ser mudo e morrer.
¡Precisamos a lingua
se queremos vencer!

Manuel María (2001).

# E XA COMEZAMOS A AGARDAR POLA XII EDICIÓN DO DÍA DA CIENCIA EN GALEGO














**Ata pronto**